

RESOLUCIÓN REITORAL DE CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE ABRIL DE 2025 POLA QUE SE CONVOCA O “PROGRAMA CAMPUS RURAL” DIRIXIDAS AO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2024/2025.

Detectado erro na base 6 da convocatoria de bolsas de “PROGRAMA CAMPUS RURAL” dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025 na que se establece:

*As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13712, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>)*

Visto o artigo 109.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

ESTA REITORÍA RESOLVE

Modificar a devandita base, actualizando o enlace, que queda redactada do seguinte xeito:

*As persoas solicitantes deberán encher o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13762, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>)*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/25)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

